

MOCIÓN AER SOBRE MEDIDAS LOCAIS DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

PLENO 17 de XANEIRO 2019. ACTA 15/2018

Moción de AER con entrada no Concello o día 30/05/2018 con número 2018-E-RE-710 que se transcribe a continuación:

“Ano tras ano e coa chegada das altas temperaturas o risco de incendio aumenta na nosa comarca. O concello de Redondela está declarado pola *Orde do 18 de abril pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal*, como “Concello de Alto Risco de Incendios” e a ocorrencia de episodios de grandes incendios vense observando cíclica e periódica: as datas máis recentes a lembrar son os anos 2006, 2016 e 2017, con episodios menores nos demais anos.

Resulta fundamental que o Concello conte cun Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais tal como establece a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Aínda así sempre cabe a posibilidade de adoptar de xeito inmediato outras medidas de defensa e preparación ante incendios forestais, para o que a administración local debe esforzarse ano tras ano e destinar recursos de cara a estar preparado no caso de darse unha situación de emerxencia por incendio forestal grave. Estas medidas deberían implantarse coa colaboración, aportacións e compromiso dos diversos actores implicados, xa sexan os servizos de emerxencia locais, as comunidades de montes e outras entidades de custodia do territorio, as comunidade de auga, etc.

Os servizos de emerxencia, nunha situación extrema como a vivida no pasado outubro de 2017, soen acuciar a necesidade de máis e mellores medios tales como sistemas de comunicación, elementos de protección individual, medios de ataque contra o lume de man ou medios de carga de auga de elevada mobilidade. Resulta fundamental recompilar as necesidades dos servizos de emerxencia de cara conseguir unha mellor dotación dos medios anti-incendios cos que contén.

Xa algunhas comunidades de montes contan cuns medios básicos (batelumes, mochilas de auga, luvas, mascariñas, ...) de cara a autodefensa en caso de incendios. A súa labor nos momentos iniciais dun incendio ao defender as súas propiedades e evitar que o lume avance pode ser moi valiosa e útil. Unha proposta interesante pasa por axudar nas dotacións que as comunidades de montes nas parroquias teñen para a defensa contra incendios, aproveitando os locais das comunidades ou mesmo o centro social ou cultural de referencia.

En todo o concello existe unha rede de puntos de auga que en caso de incendio serven para darlle subministro aos equipos de extinción. En moitas ocasións estes equipos non están dotados de sistemas de toma de auga directa de pozos e unicamente poden cargar mediante o emprego de hidrantes. Unha proposta interesante é colaborar para que os depósitos de extinción poidan contar con hidrantes e aproveitar as redes e depósitos de abastecementos de auga, tanto da rede municipal como das traídas parroquiais, para instalar hidrantes en dous ou tres puntos estratéxicos por parroquia. Esta infraestrutura sería de enorme utilidade en caso de incendio forestal pero tamén en caso de incendios de vivendas ou outras instalacións.

Está demostrado que a rotura da continuidade do arborado intercalando franxas “verdes”, ou sexa, masas des frondosas caducifolias ou sistemas silvopastorais onde o lume ralentiza a súa acción, constitúe unha ferramenta de xestión do territorio cunha importante eficiencia na defensa contra incendios forestais. A maiores tería uns beneficios adicionais como o aumento da biodiversidade, a modulación en mosaico da paisaxe, a creación de áreas verdes de interese para o uso social, etc. Estas franxas poden ser de primeira liña, ou sexa, as que se atopan no monte e que constituirían unha primeira liña de defensa aproveitando valgadas e zonas transversais á dirección dos ventos predominantes. E de segunda liña, ou sexa, as que se atopan no entorno das zonas habitadas e funcionarían como a defensa inmediata de vivendas e núcleos. Dende a administración local débese favorecer e apoiar a súa creación e mesmo encabezar a busca de recursos para a súa creación en colaboración coas comunidades de montes ou propiedades que desexen participar nestas redes.

Transversal a tódalas propostas indicadas estaría a divulgación e educación forestal e medioambiental respectos do monte, as súas problemáticas e, en concreto, os incendios forestais. A poboación precisa coñecer o seu entorno para comprendelo, saber as dificultades da súa xestión, os riscos e oportunidades que representa o monte e ante todo, asumir as súas responsabilidades de cara a defensa e prevención de incendios forestais.

Dende a administración local deberíase promover esta divulgación, pero non só de xeito puntual, senón ano tras ano realizando sesións básicas divulgativas compaxinadas con outras máis técnicas e mesmo outras expoñendo alternativas e realidades do rural e do monte. Unha primeira proposta pasaría en primeiro lugar por realizar unha rolda de charlas polas parroquias dando a coñecer a lexislación actual en materia de obrigas e deberes respecto a incendios forestais. Complementariamente e de xeito anual pódense realizar seminarios, charlas, coloquios entorno ao monte, a súa xestión, posibilidades e defensa e prevención de incendios forestais.

Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. Mellora das dotacións do servizo de emerxencias para a extinción de incendios: xestionar para acadar axudas e recursos para a adquisición de máis medios, en base ás necesidades materiais dos servizos de emerxencias de Redondela.

2. Dotación de batelumes e mochilas de auga ás comunidades de montes: dotar de material básico de extinción de incendios ás comunidades de montes en cada parroquia,

de cara a que cando teñan unha urxencia poidan contar cuns mínimos recursos para unha autodefensa inicial nas súas propiedades no caso de incendio.

3. Creación de rede de hidrantes en puntos claves das parroquias de cara a que os servizos de extinción teñan en condicións de extrema urxencia puntos de carga rápidos e cómodos. Esta rede apoiarase tanto na rede pública de subministro de auga como na rede propia das Comunidades de Augas parroquiais. Condicionaríase calquera axuda futura a Comunidades de Auga a que instalen en puntos estratéxicos hidrantes.

4. Apoio á creación de franxas verdes nos montes, especialmente nos montes veciñais de cara a establecer as primeiras barreiras de seguridade no caso dun incendio forestal e que poidan servir de zona de ataque e contención do lume moito antes de que cheguen as zonas habitadas. Poderíanse contemplar convenios de xestións destas zonas de cara a que o Concello poida realizar accións específicas de xestións da biomasa, repoboación con frondosas caducifolias ou creación de sistemas silvopastorais. Poderíanse canalizar axudas específicas a través da administración para a mellora destas zonas e mesmo enfocar os plans de emprego para actuar nestas zonas. Tamén cabería a posibilidade de establecer liñas de axudas con entidades que custodien o territorio e actúen neste senso.

5. Educación ambiental/forestal: Realización de xeito periódico de accións formativas nas diferentes parroquias sobre temática relacionada co eido forestal e a defensa e prevención de incendios forestais:

- Medidas de autodefensa e prevención de incendios forestais de zonas habitadas.
- Planificación e ordenación forestal de cara a minimizar o risco de incendio forestal.
- Certificación forestal como medio de posta en valor da xestión do monte.
- Usos alternativos do monte de cara á multifuncionalidade. ”

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación, coa emenda de AER que consiste en modificar a última frase do acordo no punto 3, quedando “Condicionaríase calquera axuda futura a Comunidades de Auga a que instalen en puntos estratéxicos hidrantes”, resulta aprobada en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros presentes, sendo 19 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER e 01 do BNG).